

**INFORME CLIMATOLÓGICO
MES DE MAIO DE 2015**



ÍNDICE

1	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES	3
2	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	4
3	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	6
4	TEMPERATURA	6
4.1.	Temperatura media das máximas.	9
4.2.	Temperatura media das mínimas.	10
4.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000.	11
4.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2015.	15
5	PRECIPITACIÓN	16
5.1.	Precipitación acumulada mensual Maio 2015	16
5.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	17
5.3.	Días de chuvia en maio de 2015	18
5.4.	Evolución da precipitación en maio de 2015	20
6	VENTO	21
7	RADIACIÓN SOLAR	25
7.1.	Mapa de irradiación solar mensual	25
7.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal	26
8	RAIOS	27

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 12-06-2015



Mes seco e cálido, con chuvias concentradas na primeira semana do mes.

1 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de maio pode caracterizarse en xeral como seco e cálido, con precipitacións concentradas nos primeiros días do mes, e un longo período anticiclónico que dende a segunda semana practicamente non cedeu en ningún momento no seu dominio nas condicións meteorolóxicas de Galicia.

Así, nos primeiros 5 días do mes a presenza de baixas presións entre Azores e Irlanda aportou inestabilidade e ventos de compoñente sur. En xeral estas xornadas foron de ceos anubrados e chuvias xeneralizadas. As precipitacións máis cuantiosas sucederon na xornada do día 4 cando Galicia sufriu o paso dunha fronte fría moi activa. Esta fronte arrastrou aire frío, polo que as temperaturas na xornada do día 5 foron baixas para a época do ano, coas temperaturas diúrnas máis baixas do mes.

A partir do 6 as temperaturas fóronse recuperando e as chuvias foron menos cuantiosas, aínda que un derradeiro sistema frontal deixou novamente precipitacións xeneralizadas o día 7, con chuvascos xa máis illados e ocasionais na xornada do 8.

A xornada seguinte foi a primeira anticiclónica do mes, pero marcou una tendencia xa ata finais do mesmo. Entre o 9 e o 13 o tempo foi seco e con escasas nubes, rexistrándose as temperaturas máis altas na xornada do día 12. Este episodio anticiclónico deixou temperaturas moi elevadas no resto da península Ibérica, con rexistros históricos en maio en moitos lugares, pero Galicia quedou no límite da entrada da masa de aire cálido e polo tanto as temperaturas foron altas, pero lonxe de valores extremos.

Na xornada do 14 unha borrasca localizada no Golfo de Biscaia ocasionou un importante descenso de temperatura, nubes e chuvias de escasa intensidade, recuperándose con rapidez o anticiclón a partir do 15.

Entre o 15 e o 18 as condicións foron novamente de sol e calor, con valores máximos neste período o día 17, cando se superaron os 30°C no interior e os 25°C nas Rías Baixas. Nas xornadas do 19 e 20 tivemos a entrada dunha masa de aire frío que deixou moi escasas precipitacións pero un notable descenso das temperaturas que nestas xornadas quedaron en xeral por debaixo dos 20°C.

A partir do 21 un novo anticiclón achegou estabilidade e deixou 10 días de tempo seco, soleado, aínda que en xeral cun importante contraste térmico entre o norte e o sur, que na parte central deste período, entre o 24 e o 29 deixou diferenzas nas temperaturas máximas que superaban os 10°C entre o norte e o sur da Comunidade. As xornadas de máis temperatura neste período foron as do 27 e 28. Non foi ata a derradeira xornada do mes cando un sistema frontal pouco activo achegouse ata Galicia, deixando un aumento de nubes e un descenso de temperatura.

2 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Nos mapas de anomalía de presión tanto en superficie (figura 1) como en 500hPa (figura 2) podemos apreciar como, foron en xeral máis altas do normal entre Azores e o Mediterráneo occidental. A anomalía foi máis pronunciada en altura e está centrada precisamente sobre o área da península Ibérica, polo que tivemos condicións máis estables do agardado, o que explica que as precipitacións en xeral non chegasen aos niveis normais no mes de Maio, e que o achegamento de masas de aire cálido deixasen temperaturas por riba da media.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie.



Anomalías de xeopotencial no nivel de 500 hPa. Maio 2015




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa.



3 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1971-2000, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET, e Lourizán, da CMATI). Debido á necesidade de reubicar a estación de MeteoGalicia na Coruña, emprégase este mes os datos da estación da AEMET nesta cidade.

O valor climático corresponde ao promedio destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuva corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

A CORUÑA

	MAIO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	15.8	14.4	17.0 (1989)	12.1 (1984)
Tª mínima media	13.0	11.4	13.8 (1989)	9.1 (1951)
Tª mínima absoluta	10.3 (día 6)	3.6 (03/05/1967)		
Tª mínima máis alta	14.5 (día 2)	20.2 (17/05/1992)		
Tª máxima media	18.6	17.4	20.2 (1989)	14.4 (1984)
Tª máxima absoluta	25.9 (día 12)	34.0 (11/05/1965)		
Tª máxima máis baixa	15.3 (día 19)	10.0 (01/05/2008)		
Precipitación acumulada	36	64-90	164 (1984)	3 (1944)
Días de chuva (≥1mm)	8	11	21 (1983)	1 (1944)

Comentario: Mes cálido en xeral tendo en conta todas as temperaturas

A precipitación rexistrada é inferior ó rango de valores normais, considerándose por tanto o mes moi seco. Isto reflíctese tamén no número de días de chuva, inferior ó valor climático agardado..

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1931-2013 Temperatura: 1948-2013

**SANTIAGO**

	MAIO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	15.2	14.5	17.9 (1989)	11.5 (1984)
Tª mínima media	10.5	9.8	12.1 (1989)	7.3 (2013)
Tª mínima absoluta	7.8 (día 21)	1.8 (06/05/1982)		
Tª mínima máis alta	14.2 (día 13)	18.0 (16/05/1992)		
Tª máxima media	19.9	19.2	23.6 (1989)	15.7 (1984)
Tª máxima absoluta	26.0 (día 11)	34.9 (29/05/2001)		
Tª máxima máis baixa	14.6 (día 19)	11.0 (05/05/1985)		
Precipitación acumulada	98	110-147	287 (1994)	4 (1987)
Días de chuvia (≥1mm)	8	13	23 (1993)	2 (1987)

Comentario: Mes cálido en xeral tendo en conta todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada é inferior ó rango de valores normais, resultando un mes seco aínda que moi preto da normalidade. O número de días de chuvia tamén é moi inferior ó agardado.

* Valores climáticos 1982-2000. Precipitación:1982-2013. Temperatura: 1982-2013

LUGO

	MAIO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	14.8	13.3	16.8 (2000)	9.5 (1984)
Tª mínima media	9.2	8.3	11.3 (2000)	5.6 (2013)
Tª mínima absoluta	4.6 (día 6)	-3.0 (03/05/1967)		
Tª mínima máis alta	13.1 (día 1)	16.0 (29/05/2000)		
Tª máxima media	20.4	18.3	22.6 (1989)	12.4(1984)
Tª máxima absoluta	30.2 (día 2)	36.0 (15/05/1979)		
Tª máxima máis baixa	13.4 (día 19)	7.0 (09/05/2004)		
Precipitación acumulada	35	74-100	193 (1997)	7 (1976)
Días de chuvia (≥1mm)	7	12	20 (2008)	1 (1976)

Comentario: Mes cálido en xeral tendo en conta todas as temperaturas..

A precipitación rexistrada é moi inferior ó rango de valores normais, polo que o mes considérase moi seco. Isto mesmo reflíctese no número de días de chuvia, moi inferior ó agardado.

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1967-2013. Temperatura: 1966-2013

**PONTEVEDRA (LOURIZÁN)**

	MAIO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	17.5	14.8	18.5 (2011)	12.0 (1984)
Tª mínima media	11.8	9.8	12.4 (2011)	7.3 (1984)
Tª mínima absoluta	6.8 (día 6)	0.4 (06/05/1982)		
Tª mínima máis alta	15.1 (día 3)	19.0 (17/05/1964)		
Tª máxima media	23.2	19.8	24.5 (2011)	16.6 (1983)
Tª máxima absoluta	31.5 (día 27)	35.0 (27/05/2006)		
Tª máxima máis baixa	16.9 (día 5)	10.3 (04/05/1973)		
Precipitación acumulada	98	109-124	331 (1983)	6 (1987)
Días de chuvia (≥1mm)	8	12	23 (1997)	3 (1991)

Comentario: Mes cálido tendo en conta as temperaturas medias e mínimas, mentres que resultou moi cálido para as máximas.

A precipitación rexistrada está preto do rango de valores normais, aínda que o mes considérase seco. Porén, o número de días de chuvia é inferior ó agardado.

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1958-2013. Temperatura: 1958-2013

OURENSE

	MAIO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	17.7	15.7	19.2 (2011)	12.0 (1984)
Tª mínima media	9.9	9.2	11.5 (2011)	6.7 (1984)
Tª mínima absoluta	4.9 (día 21)	-0.4 (06/05/1982)		
Tª mínima máis alta	15.5 (día 2)	16.6 (29/05/2001)		
Tª máxima media	25.5	22.3	27.0 (2011)	17.3 (1984)
Tª máxima absoluta	32.6 (día 12)	37.4 (29/05/2001)		
Tª máxima máis baixa	16.8 (día 5)	11.6 (01/05/1984)		
Precipitación acumulada	43	54-72	139 (2008)	0 (1976)
Días de chuvia (≥1mm)	7	10	18 (2008)	0 (1976)

Comentario: Mes cálido tendo en conta as temperaturas medias e mínimas, mentres que foi moi cálido para as máximas..

A precipitación rexistrada é inferior ó rango de valores normais, considerándose o mes seco. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, inferior ó agardado.

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1973-2013. Temperatura: 1972-2013



4 TEMPERATURA

As temperaturas estiveron en xeral por riba dos valores agardados nun mes de maio, xa que o período de chuvia que tivemos ao principio do mes estivo caracterizado por ventos do cuadrante suroeste e polo tanto por temperaturas suaves. Nos períodos anticiclónicos tivemos en xeral temperaturas elevadas, principalmente no sur, onde a anomalía positiva é máis acusada.

4.1. Temperatura media das máximas.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de maio de 2015.



En conxunto, o valor medio das temperaturas máximas no mes de maio foi de 19.7 °C. Os valores máis baixos en torno ós 11 °C acadáronse en Cabeza de Manzaneda e na Serra do Xistral. Os valores máis altos, con case 26°C, rexistráronse principalmente nas comarcas limítrofes cos ríos Miño e Sil, nas comarca do Baixo Miño e O Condado e na comarca de Verín.

4.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de maio foi de 8.5 °C, onde os valores máis baixos, preto de 2°C, déronse na Baixa Limia, e Cabeza de Manzaneda, e Viana do Bolo. Os valores máis altos de temperatura mínima, con case 14.5 °C, rexistráronse na Ría de Vigo.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de maio de 2015.



4.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000.

A anomalía no conxunto de Galicia no mes de maio de 2015, foi de 1.7 °C, polo que o mes considérase cálido. As zonas con menores desviacións da normalidade estiveron entorno a 0°C e as que acadaron temperaturas máis elevadas chegaron a preto dos 3°C de anomalía positiva, principalmente na provincia Pontevedra.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de maio respecto al período 1971-2000.



A táboa 1 mostra as anomalías positivas máis destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ó período climático 1971-2000. A distribución das anomalías máis altas correspóndese principalmente ó sur da provincia de Pontevedra e á comarca de Verín.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media		
con respecto ao período 1971-2000		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Gondomar	Pontevedra	2.7
Tui	Pontevedra	2.6
Verín	Ourense	2.6
Fornelos de Montes	Pontevedra	2.5
Vilardevós	Ourense	2.5
Petín	Ourense	2.5
Bolo (O)	Ourense	2.4
Soutomaior	Pontevedra	2.4
Barco de Valdeorras (O)	Ourense	2.4
Rúa (A)	Ourense	2.4

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de maio de 2015.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media		
con respecto ao período 1971-2000		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Outes	A Coruña	0.3
Muros	A Coruña	0.3
Carnota	A Coruña	0.5
Noia	A Coruña	0.5
Corcubión	A Coruña	0.6
Mazaricos	A Coruña	0.6
Fisterra	A Coruña	0.6
Porto do Son	A Coruña	0.7
Cee	A Coruña	0.7
Negreira	A Coruña	0.8

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de maio de 2015.

A táboa 2 amosa as anomalías máis baixas rexistradas nos concellos galegos, con respecto ao período climático 1971-2000. Déronse principalmente nas Rías de Muros, Noia e en Cee.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de maio de 2015 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. Nas xornadas do 12 e o 28 acadáronse os valores máis altos de temperatura.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de mayo de 2015				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
28/05/2015	Remuíño	Arnoia	Ourense	34.2
28/05/2015	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	34.2
12/05/2015	San Clodio	Ribas de Sil	Lugo	33.8
28/05/2015	Cequeliños	Arbo	Pontevedra	32.9
12/05/2015	Millara	Ferreira de Pantón	Lugo	32.8
12/05/2015	Ourense	Ourense	Ourense	32.6
28/05/2015	Entenza	Salceda de Caselas	Pontevedra	32.3
12/05/2015	A Portela	Vilamartín de Valdeorras	Ourense	32.2
28/05/2015	Ourense-Estacións	Ourense	Ourense	32.2
27/05/2015	Queimadelos	Mondariz	Pontevedra	31.8

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de maio de 2015 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de mayo de 2015				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
28/05/2015	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	27.6
12/05/2015	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	27.2
12/05/2015	Corzos	A Veiga	Ourense	26.6
12/05/2015	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	26.6
12/05/2015	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	25.9
12/05/2015	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	25.8
12/05/2015	Xurés	Muiños	Ourense	25.4
12/05/2015	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	25.2
12/05/2015	Ancares	Cervantes	Lugo	24.8
26/05/2015	Corzos	A Veiga	Ourense	24.3

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de maio de 2015 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de maio de 2015 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. As xornadas do 6, 21 e 22 de maio foron especialmente frías en localidades situadas tanto a baixas como grandes altitudes.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de mayo de 2015				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
06/05/2015	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	-2.9
06/05/2015	Xares	A Veiga	Ourense	-2.6
06/05/2015	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	-1.6
21/05/2015	Corzos	A Veiga	Ourense	-1.6
20/05/2015	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	-0.3
06/05/2015	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-0.1
06/05/2015	Ancares	Cervantes	Lugo	0.1
19/05/2015	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	0.6
21/05/2015	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	0.8
20/05/2015	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	0.8

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de maio de 2015 altitude superior a 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de mayo de 2015				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
22/05/2015	Baltar	Baltar	Ourense	-1.9
22/05/2015	Mouriscade	Lalín	Pontevedra	-0.8
21/05/2015	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-0.6
22/05/2015	Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	-0.1
21/05/2015	Verín-Vilela	Verín	Ourense	0.2
06/05/2015	Lanzós	Vilalba	Lugo	0.4
06/05/2015	Mouriscade	Lalín	Pontevedra	0.8
22/05/2015	Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	1.3
23/05/2015	Alto do Rodicio	Maceda	Ourense	1.7
06/05/2015	Serra do Faro	Rodeiro	Pontevedra	1.9

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de maio de 2015 altitude inferior a 1000m.

4.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2015.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2015, para esta serie, foi 15.9 °C.




Figura 7: Temperatura media ó longo do período 1961-2015 para maio.

A anomalía media para este mes de maio en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de 1.9 °C, o que fai que o mes poida considerarse cálido.




Figura 8: Evolución da anomalía de temperatura media en maio, respecto ó período 1971-2000.

5 PRECIPITACIÓN

As precipitacións foron en xeral escasas para un mes de maio en Galicia e estiveron concentradas na primeira semana. Dado que os ventos nesa primeira semana sopraron de compoñente sur, estas precipitacións foron máis cuantiosas nas Rías Baixas, no Barbanza e no Xallas, polo que nesa zona a escaseza de chuvia é menos notoria que noutros puntos da Comunidade, principalmente no leste de Galicia, onde choveu menos da metade do agardado.

Os valores de precipitación máis elevados con máis de 260 L/m², déronse nas comarcas do Barbanza e Xallas. Porén, o leste da alta montaña luguesa e o concello de Carballeda de Valdeorras, rexistraron os valores máis baixos de precipitación (preto dos 4 L/m²). O valor medio de precipitación para toda a Comunidade galega foi de 77 L/m².

5.1. Precipitación acumulada mensual Maio 2015




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de maio de 2015.

5.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

Os valores máis altos de porcentaxe de desviación da precipitación con respecto dos normais tiveron lugar principalmente na comarca do Barbanza que resultou húmida. Na outra banda, atópanse a baixa porcentaxe de precipitación que afecta principalmente as localidades de Nequeira de Muñiz, Carballeda de Valdeorras e Rubiá, onde houbo zonas cunha porcentaxe de precipitación tan baixa que resultaron moi secas. En xeral o mes considérase seco, cunha porcentaxe dun 34% menos do valor normal de precipitación con respecto o período climático 1971-2000.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1971-2000 do mes de maio de 2015.



5.3. Días de chuvia en maio de 2015

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m²) foi de 7.3. Os valores máximos obtivéronse na Mariña Luguesa, onde case se acadan os 12 días de chuvia. Os valores máis baixos estiveron en Carballeda de Valdeorras, con valores próximos os 2 días.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m² durante o mes de maio de 2015.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia durante o mes de maio.. En canto á táboa 8 indica a precipitación máxima recollida en 24 h tendo en conta o instante de inicio. O período comprendido entre as derradeiras horas da xornada do 3 e o día 4, foi o que presentou máis precipitación.

Precipitacións acumuladas máximas en maio de 2015			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Muralla	Lousame	A Coruña	250
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	235
Cespón	Boiro	A Coruña	209
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	200
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	190
Monte Aloia	Tui	Pontevedra	188
Coto Muiño	Zas	A Coruña	181
Castrove	Poio	Pontevedra	179
A Armenteira	Meis	Pontevedra	163
Pereira	Forcarei	Pontevedra	150

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de maio de 2015.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Muralla	Lousame	A Coruña	83	02/05/2015 5:30
CMuiño	Zas	A Coruña	69	02/05/2015 2:00
M Aloia	Tui	Pontevedra	67	03/05/2015 22:10
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	67	02/05/2015 3:10
Cespón	Boiro	A Coruña	67	01/05/2015 0:00
Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	63	04/05/2015 0:00
Castrove	Poio	Pontevedra	61	02/05/2015 9:00
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	61	03/05/2015 22:50
Manzaneda	Manzaneda	Ourense	59	04/05/2015 0:50
Fornelos	Fornelos de Montes	Pontevedra	59	03/05/2015 22:50

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de maio de 2015.

5.4. Evolución da precipitación en maio de 2015

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2015, para esta serie, foi 68 L/m².




Figura 12: Precipitación ó longo do período 1961-2015 para maio.

A anomalía media das precipitacións para este mes de maio en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas foi dun 35 % por debaixo do normal, o que fai que o mes poida considerarse en conxunto seco.




Figura 13: Evolución da anomalía de precipitación en maio, respecto ó período 1971-2000.



6 VENTO

Na táboa 9 móstranse aquelas estacións meteorolóxicas nas que se rexistraron máis de 100 km/h neste mes de maio. Na xornada do 4 de maio, superáronse os 100 km/h en moitas localidades galegas.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en mayo				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
04/05/2015	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	194.6
04/05/2015	Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	127.3
04/05/2015	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	126.7
04/05/2015	Muralla	Lousame	A Coruña	126.4
04/05/2015	A Gándara	Vimianzo	A Coruña	120.9
04/05/2015	Ancares	Cervantes	Lugo	117.4
04/05/2015	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	113.3
04/05/2015	Punta Langosteira	Arteixo	A Coruña	112.5
03/05/2015	Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	112.2
04/05/2015	Xares	A Veiga	Ourense	110.9
04/05/2015	Castro Vicaludo	Oia	Pontevedra	109.0
04/05/2015	Serra do Faro	Rodeiro	Pontevedra	108.6
02/05/2015	Burela	Burela	Lugo	108.1
04/05/2015	Vigo-Campus	Vigo	Pontevedra	103.4
04/05/2015	Ons	Bueu	Pontevedra	102.4
04/05/2015	Río do Sol	Coristanco	A Coruña	102.3
04/05/2015	Amiudal	Avión	Ourense	101.2
04/05/2015	Marco da Curra	Monfero	A Coruña	100.0





Táboa 9: Refachos máximos superiores ós 100 km/h en maio de 2015.







PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	99.8	NE	6		
		Día 4				
Pta. Candieira	Cedeira	112.2	NE	8		
		Día 3				
Malpica	Malpica	92.9	E	2		
		Día 4				
Marco da Curra	Monfero	100.0	NE	3		
		Día 4				
Río do Sol	Coristanco	102.3	NE	1		
		Día 4				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de Maio de 2015 na provincia de A Coruña.





PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	108.1	E	7		
		Día 2				
Ancares	Cervantes	117.4	S	7		
		Día 4				





Táboa 11: Resumo vento no mes de Maio de 2015 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	96.3	SO	6		
		Día 4				
Rodicio	Maceda	80.7	NE	5		
		Día 4				



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Gandarela	Celanova	93.3	N	25		
		Día 4				

Táboa 12: Resumo do vento no mes de Maio de 2015 na provincia de Ourense.


PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	99.1	S	7		
		Día 4				
Ons	Bueu	102.4	NE	3		
		Día 4				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de Maio de 2015 na provincia de Pontevedra.



7 RADIACIÓN SOLAR

7.1. Mapa de irradiación solar mensual



1586 1879 2173 2467

Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de Maio de 2015.



7.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

8 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou 119 raios en Galicia, que se deron nas xornadas do 4 e do 7. A provincia de A Coruña, non rexistrou ningún raio, mentres que Ourense rexistrou a meirande parte deles.



Figura 15: Número de raios rexistrados en Galicia en maio de 2015.

A continuación móstrase este número de raios distribuído por provincias.




Figura 16: Número de raios rexistrados por provincias en maio 2015.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2015 Mes: 5

Provincia Estación	Tª °C				Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día		Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día		Med. hPa	Choiva	Xeada
A Coruña																											
A Gándara	12.0	15.5	24.2	12	9.4	6.9	5	123	36.4	2	30	86	96	69	51	228	2002	26	121	4	972	19	0				
Aldea Nova	13.4	17.3	24.6	12	10.2	6.5	21	102	21.4	3	-5	82	95	65	47	210	1893	11	84	4	988	15	0				
Arzúa	14.0	19.8	27.0	12	8.8	4.7	5	82	31.4	4	-53	76	94	52	61	275	2261	10	67	4	977	14	0				
Camariñas	14.7	16.2	22.4	12	13.1	9.4	11	124	50.0	2	7	79	88	69	59	265	2241	27	92	4	1019	16	0				
Cariño	15.2	17.3	22.5	4	13.2	10.5	7	91	23.5	4	-20	80	92	68	48	214	1952	18	100	2	--	17	0				
Cespón	16.5	21.7	28.6	27	12.0	7.5	5	209	66.4	1	60	73	89	53	64	286	2255	12	90	4	1015	9	0				
CIS Ferrol	15.4	19.6	26.4	12	11.9	7.6	21	74	17.7	1	-53	78	95	60	60	268	2158	14	75	4	1017	12	0				
Corrubedo	16.5	21.0	29.7	27	12.8	10.3	21	78	25.2	4	-72	73	86	56	61	274	2300	15	81	4	1016	11	0				
Coruña-Dique	15.0	17.1	25.3	12	13.0	9.6	6	17	7.6	4	--	84	96	70	-	-	-	21	97	2	1019	9	0				
Coruña-San Diego	17.9	20.6	29.2	12	15.5	11.6	6	28	9.1	4	--	71	83	56	61	276	2149	11	63	4	1021	11	0				
*Costa	15.2	20.9	26.5	17	10.3	6.6	5	98	39.5	4	--	79	95	59	-	-	-	5	54	4	1000	10	0				
*Coto Muiño	13.2	18.5	26.7	12	8.7	2.6	11	181	63.5	2	-	85	98	66	-	-	-	6	51	2	-	13	0				
Fontecada	13.0	17.6	25.5	11	9.1	5.3	6	190	61.7	2	81	81	94	61	54	243	2022	18	78	4	977	16	0				
*Guísamo	14.8	19.3	25.5	12	11.1	7.2	6	33	13.6	4	--	72	88	54	-	-	-	5	39	2	1000	12	0				
*Lesende	15.0	19.6	26.1	17	11.0	7.8	5	142	42.2	4	6	72	86	54	58	258	2149	7	65	4	1000	10	0				
Lira	14.8	18.1	24.8	17	11.8	9.5	6	130	35.7	1	3	77	90	62	61	272	2186	26	100	4	-	11	0				
Mabegondo	15.1	20.8	27.2	12	9.1	4.0	22	36	16.9	4	-93	78	96	58	56	253	2195	9	76	4	1009	12	0				
Malpica	13.8	16.8	21.9	12	11.4	7.8	6	68	18.6	2	-28	89	99	74	60	269	2208	26	93	4	1001	15	0				
Marco da Curra	11.8	16.3	24.4	12	8.2	5.0	6	57	24.6	4	-48	83	97	62	55	247	2063	19	100	4	945	14	0				
Melide	13.8	20.1	28.8	12	8.1	4.3	6	60	21.1	4	-71	79	97	54	60	268	2227	11	73	4	965	11	0				
Muralla	11.8	16.2	22.8	12	8.4	5.5	21	250	67.4	2	157	85	99	65	58	259	2014	33	126	4	943	14	0				
*O Val	15.2	19.1	26.4	12	11.5	5.8	21	78	16.4	4	-	81	94	65	-	-	-	5	58	31	1013	16	0				
Olas	12.1	17.4	25.5	12	7.6	4.0	6	60	18.8	4	-47	84	100	61	57	255	2075	14	97	5	-	16	0				
*Ordes	14.1	19.3	27.1	12	9.4	4.3	6	40	15.4	4	-	79	95	58	-	-	-	8	56	4	988	10	0				
*Paramos	13.2	18.0	25.7	12	9.2	4.2	6	128	39.9	2	-	84	97	64	-	-	-	9	50	2	977	12	0				
*Pazo de Galegos	15.3	21.2	28.4	12	10.5	7.3	5	73	27.3	4	-65	77	94	53	57	255	2198	6	66	1	993	12	0				
Punta Candieira	13.2	15.7	23.6	12	11.4	8.6	6	36	9.2	4	-58	86	96	73	51	229	2035	30	112	3	990	14	0				
Punta Langosteira	14.8	16.3	21.9	12	13.3	10.4	6	12	7.5	4	-	81	91	71	62	277	2145	23	113	4	1018	8	0				
Río do Sol	11.7	15.8	24.5	12	8.5	5.5	6	97	34.2	4	6	86	98	66	52	231	1983	26	102	4	957	17	0				
*Rus	14.4	18.9	27.2	12	9.5	4.7	21	61	21.2	4	-	82	97	63	-	-	-	6	63	5	1005	14	0				
Sálvora	16.2	19.7	27.1	17	13.5	11.3	21	123	51.8	4	-19	77	88	62	67	297	2344	23	92	4	-	11	0				
Santiago-EOAS	14.7	19.9	26.0	11	10.5	7.8	21	98	38.3	4	-29	78	94	56	54	242	2124	10	81	4	990	10	0				
Santiago-San Lázaro	14.2	19.0	25.7	12	10.1	7.2	22	89	36.6	4	--	78	93	56	59	266	2213	14	62	4	984	12	0				
Sergude	15.0	21.0	27.4	27	10.1	6.4	5	92	31.5	4	-	78	96	53	51	231	2037	-	-	--	-	10	0				
Serra da Faladoira	11.5	15.1	21.5	12	8.5	5.3	6	83	21.7	4	-2	90	100	72	45	204	1922	22	85	2	954	17	0				

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2015 Mes: 5

Provincia Estación	Tª °C				Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2 Acu Max Día	BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día			Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día		Med. hPa	Choiva	Xeada
Lugo																									
A Pontenova	12.4	16.9	25.6	13	9.1	6.0	22	61	25.4	4	-	86	98	66	38	172	1677	-	-	--	-	-	-	21	0
Abradelo	13.2	19.8	28.4	12	7.4	3.3	22	44	25.3	4	-	71	93	46	64	286	2343	-	-	--	-	-	-	10	0
Alto de Cerredo	11.5	16.4	26.5	12	7.2	2.7	6	47	22.4	4	--	79	97	55	-	-	-	9	85	4	911	-	-	12	0
*Alto do Faro	11.8	17.5	26.1	12	6.9	2.2	6	42	21.1	4	-	77	96	51	-	-	-	11	56	4	924	-	-	14	0
*Alto do Poio	10.3	14.8	24.1	12	5.7	0.6	19	113	55.7	4	-	72	93	50	-	-	-	10	58	4	-	-	-	14	0
Ancares	10.6	15.4	24.8	12	6.0	0.1	6	44	21.3	4	-86	71	94	49	60	267	2179	21	117	4	867	-	-	13	0
*Borreiros	14.7	19.4	25.2	13	10.3	6.0	6	42	16.2	4	-64	78	93	58	37	165	1706	5	52	4	1013	-	-	15	0
Bóveda	15.0	22.5	30.6	12	8.3	3.2	22	44	27.0	4	-106	71	94	43	62	279	2321	8	81	5	970	-	-	8	0
Burela	12.3	15.5	20.2	3	9.9	7.5	6	58	21.6	4	-32	86	97	70	37	168	1708	16	108	2	971	-	-	17	0
Campus Lugo	14.3	20.4	30.2	12	9.2	4.6	6	35	17.8	4	-101	73	90	48	55	245	2204	9	72	4	973	-	-	9	0
Castro R. de Lea	13.6	19.8	30.1	12	8.6	4.8	6	35	22.4	4	-	87	100	57	54	243	2110	-	-	--	971	-	-	13	0
Conchada	14.4	21.8	29.8	12	8.2	3.2	21	37	14.2	4	-	73	95	48	60	269	2110	-	-	--	-	-	-	7	0
Corno do Boi	11.8	17.4	26.5	12	7.6	3.8	6	90	35.8	4	-24	84	100	57	59	263	2231	18	91	4	-	-	-	13	0
Courel	13.8	20.5	29.0	12	7.5	2.6	22	79	31.7	4	-68	66	90	43	61	274	2240	10	85	4	931	-	-	9	0
*Fontaneira	11.6	17.1	26.7	12	6.7	2.6	6	49	19.9	4	--	79	96	56	56	250	2206	5	44	1	914	-	-	9	0
Foz	14.7	18.2	23.6	4	11.3	7.1	6	28	14.3	4	-	80	92	67	33	150	1792	-	-	--	1015	-	-	10	0
Fragavella	11.8	15.5	22.5	10	8.4	4.2	6	98	43.2	4	6	86	98	66	44	198	1827	17	89	2	951	-	-	20	0
Guitiriz	12.0	17.3	26.6	12	7.9	4.1	19	88	47.0	4	-25	81	97	57	53	240	2114	15	96	4	941	-	-	11	0
*Labrada	11.5	15.5	24.4	12	8.2	3.7	6	135	52.2	4	39	83	96	63	41	182	1815	12	69	4	-	-	-	15	0
*Lanzós	12.7	18.0	28.4	12	7.2	0.4	6	50	25.2	4	--	80	95	58	-	-	-	5	48	4	965	-	-	10	0
*Lourenzá	15.1	19.8	27.4	13	11.1	6.5	7	46	23.4	4	-	79	95	57	-	-	-	6	67	4	-	-	-	15	0
Marroxo	14.1	20.9	29.3	12	8.8	4.3	22	40	16.8	4	-101	73	94	47	54	243	2180	8	84	4	946	-	-	7	0
*Míllara	15.9	24.1	32.8	12	9.5	4.5	22	45	20.3	4	-	72	96	42	-	-	-	4	55	4	-	-	-	8	0
*Morelle	14.7	22.3	31.1	12	7.4	2.1	6	38	17.6	4	-102	74	97	45	57	255	2205	5	56	4	971	-	-	10	0
O Cebreiro	10.6	17.1	25.9	12	4.9	-0.1	6	119	39.5	4	-7	77	97	55	59	265	2220	14	70	5	873	-	-	12	1
O Xipro	12.2	18.1	28.3	12	7.2	3.2	22	38	20.5	4	-85	79	97	53	53	236	2172	13	88	4	929	-	-	15	0
*Olveda	13.1	19.9	29.0	12	7.1	3.5	6	40	22.1	4	-92	80	99	52	58	261	2270	6	56	4	-	-	-	12	0
Pedro Murias	15.2	18.4	23.8	4	12.0	8.1	23	34	15.3	4	-79	79	90	67	46	208	1869	11	79	4	1015	-	-	13	0
Penedo do Galo	11.7	15.5	21.6	12	8.9	6.0	5	45	13.8	4	-	77	92	56	40	181	1745	-	-	--	-	-	-	17	0
Pol	12.4	18.3	28.7	12	8.0	5.0	19	38	22.6	4	-	81	99	54	56	253	2170	-	-	--	945	-	-	12	0
Portomarín	14.2	21.8	30.3	12	7.4	3.1	6	37	20.6	4	-	75	96	46	58	259	2150	-	-	--	968	-	-	9	0
Sambreixo	13.2	19.1	28.5	12	7.7	2.0	5	47	31.0	4	-	77	94	52	55	248	2099	-	-	--	-	-	-	11	0
*San Clodio	16.6	25.0	33.8	12	8.9	2.4	21	46	14.2	4	-	70	97	41	-	-	-	3	42	4	989	-	-	7	0
*San Fiz	15.3	21.7	30.3	12	9.6	5.6	22	42	21.4	4	-106	73	94	48	57	254	2323	8	68	4	974	-	-	10	0
Ventosa	12.4	18.2	28.4	12	6.8	2.1	6	47	20.7	4	-87	74	94	51	59	264	2244	14	95	4	916	-	-	13	0
*Vilamor	14.6	18.8	26.7	13	10.9	6.1	6	53	25.3	4	-53	75	89	56	37	166	1711	6	42	4	-	-	-	17	0
*Xabrega	15.6	23.3	31.4	12	8.9	3.5	22	45	17.6	4	-	67	89	40	-	-	-	7	88	4	982	-	-	9	0

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2015 Mes: 5

Provincia Estación	Tª °C				Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día		Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día		Med.	Xeada	
Ourense																								
A Mezquita	13.3	19.7	26.6	12	6.3	0.8	21	100	42.0	4	-52	66	89	47	69	307	2445	12	78	4	904	8	0	
*A Portela	17.3	25.3	32.2	12	9.5	3.4	21	41	21.2	4	-126	62	92	33	65	292	2325	6	60	4	-	7	0	
*A Trabe	15.0	20.9	26.9	28	8.7	3.6	6	67	45.2	4	-93	64	85	44	68	301	2447	6	47	5	930	8	0	
Alto do Rodicio	12.1	17.7	25.7	12	6.7	1.7	23	76	21.6	4	-43	78	98	54	65	291	2156	19	81	4	908	10	0	
Amiudal	14.5	21.1	28.2	12	8.8	3.9	6	75	29.7	4	-80	70	91	45	67	300	2443	13	101	4	956	9	0	
As Petarelas	15.9	24.0	31.7	12	8.1	2.3	20	43	20.2	4	-	61	89	32	-	-	-	-	-	--	-	9	0	
Baltar	13.3	20.9	28.3	12	4.3	-1.9	22	51	30.8	4	-100	71	100	40	69	308	2471	11	82	4	928	10	4	
Cabeza de Manzaneda	8.4	12.2	20.1	12	4.3	-2.9	6	95	58.0	4	--	71	90	47	--	--	--	--	--	--	828	7	7	
*Calvos	12.3	19.5	27.1	12	4.2	-0.6	21	79	30.1	4	-60	75	99	46	-	-	-	11	77	4	-	8	1	
Casaio	13.0	17.8	25.8	12	8.0	1.7	20	35	22.5	4	--	--	--	--	-	-	-	9	113	4	-	8	0	
*Corzos	11.6	18.4	26.6	12	4.6	-1.6	21	71	39.6	4	--	69	92	45	-	-	-	9	67	4	-	10	4	
Entrimo	14.8	21.4	29.8	28	8.6	3.0	6	110	27.7	4	-	69	91	47	66	292	2359	-	-	--	-	9	0	
*EVEGA Leiro	16.9	26.8	34.2	28	8.1	2.9	22	57	27.8	4	-	69	96	36	-	-	-	4	52	4	1007	10	0	
Gandarela	14.8	22.2	30.2	12	8.7	4.5	22	30	16.5	4	-116	73	96	46	66	294	2273	9	93	4	948	9	0	
Lardeira	10.0	14.8	23.0	12	5.4	-1.6	6	48	24.1	4	-96	67	86	45	69	306	2499	26	195	4	841	9	7	
*Larouco	16.1	23.4	29.7	12	8.8	2.3	21	37	17.3	4	-	61	86	35	-	-	-	5	57	4	959	7	0	
Laza	15.5	23.2	29.7	28	7.9	2.2	21	56	31.8	4	-106	67	94	39	-	-	-	9	74	4	-	7	0	
Monte Medo	14.7	21.8	30.0	12	7.6	2.5	22	48	18.4	4	-	68	97	38	63	282	2359	-	-	--	-	0	0	
O Invernadeiro	13.2	20.4	27.6	28	5.4	-0.3	20	139	62.8	4	-5	66	89	43	64	286	2207	9	74	4	904	9	1	
Ourense	17.3	25.5	32.6	12	9.9	4.9	21	43	21.4	4	-	65	92	36	-	-	-	-	-	--	-	8	0	
Ourense-Estacións	17.7	25.5	32.2	28	10.8	6.3	6	45	22.1	4	-119	64	89	36	64	288	2312	6	62	4	1005	9	0	
*Pazo de Fontefiz	15.5	22.2	29.7	12	9.8	5.8	6	55	20.7	4	-93	66	86	42	60	270	2197	6	58	4	973	10	0	
*Ponte Boga	15.5	22.9	30.9	12	9.0	3.1	21	45	17.0	4	-101	63	85	37	58	261	2077	6	64	4	965	8	0	
*Prado	17.0	25.3	31.7	28	9.4	4.7	22	45	23.7	4	-	68	93	40	-	-	-	3	43	4	1005	8	0	
Remuíño	17.1	26.8	34.2	28	9.0	4.2	22	54	27.0	4	-	71	97	39	61	271	2272	6	59	4	-	9	0	
*Riós	14.6	21.3	27.6	28	7.4	2.8	6	59	28.7	4	-89	68	92	45	55	244	2291	5	44	4	-	8	0	
San Xoán de Río	12.4	18.4	27.2	12	6.4	1.5	22	48	19.6	4	-86	75	97	51	66	294	2316	14	90	4	903	10	0	
Serra do Eixe	12.0	17.4	25.2	12	6.7	0.8	20	71	36.0	4	-80	67	89	43	67	298	2413	19	127	4	882	8	0	
Verín-Vilamaior	16.0	23.8	30.3	12	8.5	2.9	21	55	31.4	4	-104	67	93	41	68	303	2367	8	65	25	957	7	0	
Verín-Vilela	15.8	24.6	31.0	28	6.4	0.2	21	43	25.5	4	-117	70	98	40	68	303	2438	6	70	4	-	6	0	
Viana do Bolo	13.8	20.8	27.1	12	6.4	1.3	22	89	50.4	4	-60	72	96	47	70	313	2390	10	80	4	923	7	0	
*Xares	9.4	14.2	22.1	12	4.6	-2.6	6	64	37.8	4	-76	66	87	45	68	304	2506	21	111	4	828	9	7	
*Xinzo	14.2	21.9	29.4	12	6.2	-0.1	22	34	16.7	4	-113	76	99	50	67	299	2417	7	60	4	-	6	1	
Xurés	13.0	18.3	25.4	12	7.3	1.2	6	95	46.9	4	-50	70	94	47	68	301	2393	16	96	4	900	8	0	

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2015 Mes: 5

Provincia Estación	Tª °C				Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
Pontevedra																											
*A Armenteira	14.8	20.2	27.4	27	9.7	5.4	5	163	48.4	4	34	77	94	56	60	267	2215	7	59	4	-	-	-	-	11	0	
A Granxa	17.2	24.4	31.2	28	9.5	4.7	22	82	34.4	4	-72	70	96	44	65	289	2310	5	69	4	1015	-	-	-	10	0	
A Lanzada	16.4	21.4	29.0	27	12.0	7.5	21	100	36.4	4	-43	74	89	56	64	288	2152	22	95	5	-	-	-	9	0		
*Areas	17.3	24.0	31.3	28	11.4	4.8	6	137	34.6	1	-	72	90	51	-	-	-	4	42	4	-	-	-	-	11	0	
*Areiro	16.7	22.1	29.2	27	11.8	6.8	6	86	26.6	4	--	71	87	52	-	-	-	4	38	4	1011	-	-	-	16	0	
*As Eiras	17.2	22.7	31.1	28	11.9	4.3	6	136	44.2	4	-20	70	87	50	63	281	2340	5	59	4	1013	-	-	-	10	0	
*Barrantes	16.3	21.7	28.9	27	11.2	6.3	6	100	30.2	4	-46	74	90	53	63	281	2261	6	61	4	-	-	-	9	0		
Caldas de Reis	15.1	21.5	27.7	27	10.3	7.2	21	132	43.6	4	--	75	95	50	57	253	2160	-	-	--	988	-	-	-	11	0	
*Camanzo	15.2	21.4	28.7	12	9.7	6.2	6	55	22.7	4	-83	76	95	53	58	261	2220	7	73	4	996	-	-	-	17	0	
Castro Vicaludo	14.4	18.2	25.6	28	10.2	6.1	6	123	36.0	4	-7	75	91	59	65	288	2167	18	109	4	964	-	-	-	11	0	
Castrove	14.6	19.6	26.9	17	10.2	5.6	6	179	47.3	1	40	74	91	55	61	273	2190	20	87	4	969	-	-	-	9	0	
*Cequelíños	17.3	24.7	32.9	28	11.2	6.5	6	63	25.6	4	-106	68	91	40	64	286	2360	10	79	4	-	-	-	8	0		
Corón	16.1	19.7	24.9	17	13.1	9.9	6	122	34.0	4	-18	77	90	58	65	289	2368	24	83	4	1018	-	-	-	9	0	
*Entenza	17.5	24.7	32.3	28	11.1	5.3	6	80	22.8	3	-81	70	91	46	64	285	2356	4	57	4	-	-	-	10	0		
Fornelos de Montes	14.3	19.0	26.9	27	9.9	4.3	6	200	56.6	4	56	69	87	49	65	290	2143	22	99	4	938	-	-	-	9	0	
Illas Cíes	16.3	19.6	26.4	27	13.1	9.5	6	89	27.1	1	-54	77	88	65	65	289	2381	15	96	4	-	-	-	8	0		
*Louredo	15.4	21.5	28.4	28	9.8	5.1	6	106	38.1	4	-	75	94	55	-	-	-	4	40	18	991	-	-	-	19	0	
Lourizán	17.1	23.6	31.5	27	12.0	6.8	6	98	30.6	4	-47	76	94	54	58	260	2200	5	54	4	1013	-	-	-	8	0	
*Meder	17.2	24.2	31.4	28	10.8	4.9	6	53	16.7	4	--	64	84	40	-	-	-	3	48	4	1002	-	-	-	13	0	
Monte Aloia	14.8	20.6	27.9	28	9.7	5.0	6	188	62.6	4	55	75	94	56	60	266	2111	10	83	4	963	-	-	-	9	0	
Mouriscade	13.7	21.0	28.5	12	6.0	-0.8	22	65	33.4	4	-74	76	93	54	63	280	2309	7	72	4	962	-	-	-	12	1	
O Viso	16.0	22.4	30.6	28	10.6	6.0	6	102	30.9	4	-50	72	88	52	63	282	2243	14	99	4	987	-	-	-	10	0	
Ons	15.3	19.2	25.9	27	12.1	9.1	21	93	26.0	4	-42	80	92	66	68	303	2494	26	102	4	1006	-	-	-	10	0	
*Pé Redondo	16.3	21.7	28.7	17	11.6	8.4	21	132	42.2	4	-7	76	92	55	56	249	2136	6	62	4	-	-	-	10	0		
Pereira	12.4	17.9	25.4	12	7.4	3.3	6	150	47.6	4	-	81	98	58	64	286	2406	-	-	--	938	-	-	-	14	0	
*Ponte Caldelas	15.3	20.5	28.9	27	10.1	3.8	6	119	41.6	4	-33	69	84	50	-	-	-	8	63	4	978	-	-	-	9	0	
Queimadelos	16.4	24.0	31.8	27	10.7	5.7	6	114	35.0	1	-19	71	88	50	50	222	2095	4	49	4	977	-	-	-	9	0	
Rebordelo	14.8	20.8	28.1	28	8.5	2.4	6	144	46.9	4	-	74	92	52	60	267	2198	-	-	--	978	-	-	-	11	0	
Sanxenxo	16.8	21.9	29.6	27	12.4	9.5	6	103	31.4	4	-54	70	86	50	60	270	2370	7	73	4	1016	-	-	-	8	0	
Serra do Faro	11.7	16.9	25.0	12	6.9	1.9	6	74	29.7	4	-50	74	92	51	61	271	2145	25	109	4	907	-	-	-	14	0	
*Simes	16.3	22.0	29.5	17	10.7	6.8	21	114	33.0	4	-37	72	91	51	62	277	2325	4	51	4	-	-	-	9	0		
*Soutomaio	16.4	22.1	29.3	27	11.2	6.1	6	103	30.4	4	--	66	82	47	-	-	-	4	37	4	999	-	-	-	14	0	
*Torrequintáns	16.4	21.9	29.2	27	11.5	7.0	6	75	29.9	4	-74	66	82	46	57	257	2182	7	65	4	1012	-	-	-	15	0	
*Tremoedo	16.4	21.9	29.2	17	11.5	6.6	6	95	30.3	4	--	69	85	49	-	-	-	4	40	4	1012	-	-	-	14	0	
Vigo	17.3	22.6	30.3	28	12.6	7.9	6	74	25.0	4	-	75	94	54	-	-	-	-	-	--	-	-	-	-	8	0	
Vigo-Campus	15.1	19.5	26.5	28	11.0	7.3	6	130	51.3	4	-29	66	83	47	67	297	2424	12	103	4	966	-	-	-	10	0	
Xesteiras	11.7	16.2	23.3	12	7.9	4.4	19	235	60.8	4	-	81	96	59	-	-	-	35	127	4	-	-	-	13	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.